

BANDO MUNICIPAL
O Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIANA DO
BOLO
FAI SABER:

O Real Decreto Lei 10/2020, do 29 de marzo, polo que se regula un **permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais**, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19, establece no seu **ANEXO** que **servizos teñen a consideración de esenciais e poderán continuar a prestarse durante a vixencia do Estado de Alarma, sen que lles resulte de aplicación o permiso retribuído** regulado no mesmo.

En consecuencia, só poden continuar a prestarse aquelas actividades económicas esenciais contidas no citado Anexo. **O resto de actividades económicas deberán cesar a súa actividade dende hoxe, 30 de marzo, ata o vindeiro 9 de abril, ambos inclusive.**

O Real Decreto Lei 10/2020 está dispoñible para a súa consulta na páxina web do Concello, así como no seguinte enderezo electrónico:
<https://www.boe.es/boe/dias/2020/03/29/>

O Concello de Viana do Bolo continuará a prestar os seus servizos públicos esenciais dacordo coas instrucións xa dadas por esta Alcaldía mediante Decreto 2020-0213, de 16 de marzo:

- Os servizos administrativos municipais continuarán a prestarse a porta pechada, garantindo a presenza rotatoria de funcionarios nas oficinas para a atención telemática á cidadanía no teléfono **988 340 120** e o enderezo de correo electrónico concello.vianadobolo@eidolocal.es, así como a través da Sede Electrónica.
- Os Servizos Sociais (988 329 260) e o Servizo de Axuda a Domicilio continuarán a operar dacordo coas instrucións e recomendacións das autoridades sanitarias.
- O persoal do servizo de mantemento e obras continuará a operar mediante o réxime xa establecido, estando o persoal correspondente dispoñible para cubrir as necesidades urxentes que poidan xurdir ó longo do Estado de Alarma.

O que se fai público para xeral coñecemento en Viana do Bolo, o día 30 de marzo de 2020.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Viana do Bolo.

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120. Fax:

